

Un saber aberto

Dicionario Cartografía e nómina do pensamento galego como antídoto contra tempos líquidos

Contrariando a Aute, que advertiu que “o pensamento non pode tomar asento”, Torres Queiruga e Rivas García, ao abeiro da Sección de Filosofía e Pensamento do Consello da Cultura Galega (CCG), coordinaron un ambicioso proxecto para o asentamento do coñecemento sobre a reflexión filosófica en Galiza a través da súa sistematización biográfica e historiográfica, á que se lle acaba de dar soporte editorial no *Dicionario Enciclopedia do Pensamento Galego*.

O *Dicionario Enciclopedia* é unha obra intelectual sólida para ser lida como antídoto en tempos líquidos nos que a procura de saberes express, de aplicabilidade inmediata, caracteriza a pauta de consumo cultural dominante. Como nos lembrou Zygmunt Bauman, “no turbillón de cambios, o coñecemento axústase ao uso instantáneo e concíbese para que se utilice unha soa vez. Coñecementos listos para o uso instantáneo e instantaneamente rexeitábeis...”.

Á luz da *modernidade líquida*, construída coa materia da volatilidade, da fluidez, da flexibilidade e da curta vida de todos os consumos culturais, hai que concluír que unha obra de *hardware* intelectual como esta é, simultaneamente, un desafío inconformista e unha oferta cultural a contracorrente. E que quizais precisamente por iso sexa tan de agradecer este *Dicionario Enciclopedia*, unha peza chamada a permanecer como *análise consolidada* do noso coñecemento historiográfico sobre a reflexión filosófica en Galiza e tamén como punto de partida imprescindible para novos produtos, na Rede ou no papel, cos que enriquecela colectivamente.

Como ben se recoñece, a materia do *Dicionario Enciclopedia* ten uns lindes de difícil cartografía. A idea orixinaria era elaborar “unha enciclopedia, ampla e circunstanciada, do pensamento filosófico en Galiza”, mais o produto que se achega finalmente é “un dicionario de pensadores galegos e unha visión temática que nos permita encadrar o labor máis directamente filosófico no campo xeral da nosa cultura”. O acoutamento responde á dificultade de precisar, alén do seu formato académico, o ámbito propio da filosofía e con el dos seus autores; unha dificultade dobrada cando toca compoñer o rol e corpo bibliográfico dunha filosofía dita “galega”.

“WHO IS WHO?” E MAPAMUNDI CULTURAL DO PENSAMENTO GALEGO

Os deseñadores do proxecto decidíronse pola ampliación do campo de lectura, escollendo como referencial o *pensamento* e non a *filosofía*, por ser esta máis precisa pero menos inclusiva, o que viría impor un tratamento con menor interdisciplinidade das ideas nutrientes que, ao longo do tempo, contribuíron a dar forma “á cultura e ao mesmo ser galego”.

Para atender a tan ambicioso obxectivo, o *Dicionario Enciclopedia* ofrécenos como un díptico de saberes. A súa primeira folla, con formato de dicionario de autores, axunta máis dun centenar de entradas bio(biblio)gráficas. A segunda constrúese con dezaseis monografías que conforman unha sorte de *mappae mundi* cultural de Galiza, que serve para o encadramento do labor intelectual e filosófico dos pensadores galegos indexados.

O “Quen é quen?” é resultado dunha repousada minaría de datos que atopou vetas fértils no *Dicionario Bio-bibliográfico de Escritores* (Biblió-

**Dicionario
Enciclopedia do
Pensamento Galego**
Andrés Torres Queiruga
e Manuel Rivas García
(coord.) · Xerais, 2008 ·
726 páx · 40 euros



filos Gallegos, 1951-53) de Couceiro Freijomil, *Dos mil nombres gallegos* (Ed. Galicia del Centro Gallego, 1953) de Francisco Lanza e, como non, na *Gran Enciclopedia Gallega* (1974-2006), unha información basal imprescindible para a construción da nómina histórica de pensadores. O seu contido intensifícase naqueles que, xa finados, catalogan unha obra pechada e un coñecemento máis consolidado, e complétase con entradas máis sumariais dos que, aínda entre nós, son actualmente protagonistas primeiros da reflexión filosófica no noso país. O resultado é unha compacta relación de autorías que, de certo, será tan referencial como a do *Diccionario da Literatura Galega* (Galaxia, 2000) que coordinou Dolores Vilavedra ou a do *Diccionario histórico das Ciencias e das Técnicas de Galicia* (Edicións do Castro, 1993-2005) que armaron X.A. Fraga Vázquez e A. Mato.

MACROESCENARIOS INTELECTUAIS

Pola súa parte, o mapamundi da nosa cultura constrúese como unha sucesión de grandes panorámicas temáticas; algunhas de gran veciñanza co matinar filosófico, caso das dedicadas á Estética, á Relixión, á Política, á Economía ou ao Dereito; outras, as referidas á Literatura ou á Prensa, cumpren unha función máis contextual, ou máis complementaria cando se trata de materias menos achegadas ás ciencias sociais e ás humanidades (“Pensamento científico”, “Matemática”, “Medicina”).



Cuberta de lousa . // Pedro de Llano

Os lectores teñen acceso así a composicións en que, en apertada síntese, se destilan e refinan divulgativamente e con gran rigor obras maiores dos seus autores: J. G. Beramendi faino co “Nacionalismo”, Antón Costa coa “Pedagogía”, Mariño Ferro coa antropoloxía simbólica e relixiosa, Dolores Vilavedra coas nosas letras ou Álvarez Pousa coa prensa. En “A política” Barreiro Rivas dá unha visión que, fóra da vindicación singular da figura de Manuel Colmeiro e aínda que con acentos propios, se superpón á de Beramendi sobre o nacionalismo, e que se robustece así e todo coa lectura da achega de Barreiro Fernández sobre as raíces do pensamento conservador e o liberalismo galego, ou coa de María Xosé Agra sobre o feminismo.

Cada un destas pezas culturais é unha excelente lectura introdutoria de calquera das temáticas culturais sinaladas, pero non sempre cumpre

acaidamente a súa función como encadramento da obra dos pensadores galegos, xa que os escenarios intelectuais descritos son demasiado *macro* para que resulte doado vencellar con eles a achega *micro* de moitos dos autores do “Quen é quen?”

Por cabo, este díptico que é o *Dicionario Enciclopedia do Pensamento Galego* non se resente na solidez e calidade de cada unha das súas partes senón na súa ensamblaxe, xa que desde o mesmo título se suxire que o volume agrega dúas obras. Alén diso, a súa consulta para se nortear na cultura de Galiza será desde agora imprescindible, e como nas mellores construcións hai que deixar primeiro que tan sólida estrutura de coñecemento repise; tempo haberá para encaixar máis harmonicamente o conxunto con novas achegas sobre os conceptos e as obras fundamentais dos galegos e galegas que se dedicaron a pensar o seu país e o mundo. //Manuel M. Barreiro